

***Convocatoria para a selección do profesorado participante no Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, PALE, para o ano 2010. Programa cofinanciado polo Ministerio de Educación.***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca, en colaboración co Ministerio de Educación, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, o Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, PALE.

A sociedade europea actual caracterízase pola súa diversidade cultural e lingüística, na que saber comunicarse se converte nunha necesidade prioritaria para o entendemento intercultural por unha banda, e para forxar a cohesión social por outra. Nos últimos anos está a ser cada vez maior a importancia das linguas estranxeiras en relación cos novos desafíos relacionados coa construción da identidade plurilingüe e intercultural da Europa do século XXI.

A Lei Orgánica de Educación, LOE, establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación na lingua oficial, na lingua cooficial e nunha ou máis linguas estranxeiras. Ademais, esta Lei adquire un compromiso decidido cos obxectivos educativos da Unión Europea dos últimos anos, entre os que se atopa a apertura do sistema educativo ao mundo exterior, que implica entre outras cousas mellorar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, aumentar a mobilidade e os intercambios, e reforzar a cooperación europea. No seu artigo 157 do título VIII a LOE establece que corresponde ás administracións educativas fornecer os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo de aprendizaxe de linguas estranxeiras.

O Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, PALE, xorde dentro da necesidade de concibir plans de formación do profesorado para a mellora das súas competencias lingüísticas e didácticas tanto do profesorado de idiomas de educación infantil e primaria, como o profesorado CLIL, implicado no Plan de Seccións Bilingües.

Por todo o que antecede, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa dispón

***Primeiro***

Obxecto.- Seleccionar 170 profesores/as para participar nun dos dous seguintes itinerarios de formación:

**PALE ITINERARIO A:** Itinerario formativo en tres fases:

1) FASE A: Formación intensiva local, isto é, na Comunidade Autónoma de Galicia, en lingua estranxeira (Francés/Inglés), en período lectivo con substitución, cunha duración de 100 horas a realizar durante o segundo ou terceiro trimestre do presente curso académico. Esta fase ten o fin de actualizar contidos e aspectos lingüísticos xa adquiridos e avanzar na adquisición dun nivel de competencia lingüística superior.

2) FASE B: Formación metodolóxica e en competencia lingüística, no sistema de inmersión no país falante da lingua estranxeira de ensino-aprendizaxe, cunha duración de tres semanas a realizar no mes de xullo de 2010 nun dos seguintes países, dependendo da lingua estranxeira obxecto da formación: Reino Unido, Francia, Canadá ou Estados Unidos.

3) FASE C: Elaboración de materiais para a sociedade de información, no primeiro trimestre do curso 2010-2011, co obxecto de consolidar e aplicar ao propio contexto os coñecementos adquiridos nas fases anteriores. Perséguese que a formación teña un impacto que supoña o beneficio profesional das persoas participantes e que o seu efecto se incorpore e prolongue na súa práctica cotiá.

**PALE ITINERARIO B:** Itinerario formativo en dúas fases:

1) Fase de Integración: programa de inmersión total consistente na integración na vida escolar, sen obrigas lectivas, en centros escolares de Canadá ou Estados Unidos. O profesorado seleccionado integrarase en centros escolares e estará acompañado no horario lectivo do centro por un/unha docente da súa mesma área, materia ou módulo durante catro semanas en setembro ou outubro do presente ano 2010 e será substituído nos seus centros educativos.

2) Fase de elaboración de materiais: Os e as participantes polo itinerario B deberán participar na fase C do itinerario A.

**Segundo**

Profesorado destinatario.-

1) **O PALE itinerario A** vai dirixido aos seguintes colectivos de profesorado implicado no ensino de linguas estranxeiras. O profesorado que se atope en máis de un dos colectivos ( tanto nos diferentes itinerarios

como nas linguas – inglés ou francés-) pode solicitar todos eles *numerando* as súas preferencias na solicitude, aínda que resultará seleccionado só por unha das modalidades en función das preferencias:

- a) Profesorado especialista en inglés que estea a impartir a lingua estranxeira en educación infantil (30 prazas).
- b) Profesorado de educación primaria especialista en inglés (25 prazas) que estea a impartir esa especialidade. Nesta modalidade terán prioridade aqueles funcionarios e funcionarias cuxa entrada no corpo sexa anterior a 1997.
- c) Profesorado CLIL (de áreas, materias ou módulos non lingüísticos impartidos nunha lingua estranxeira) de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria, de Bacharelato ou de Formación Profesional, que estean a participar nos proxectos de Seccións Bilingües. Prazas:
  - Primaria: 15 de inglés
  - Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional: 45 de inglés e 10 de francés

Tamén poderá participar por este apartado o profesorado que, reunindo os requisitos necesarios, teña previsto participar no Plan de Seccións Bilingües a partir do curso 2010-2011, presentando: 1) un compromiso individual e do seu centro educativo a participar no devandito plan no próximo curso, mediante a certificación de aprobación do claustro e do Consello Escolar; e 2) a acreditación da competencia lingüística na lingua estranxeira para impartir unha sección bilingüe. De non cubrirse as prazas nesta modalidade, este profesorado poderá ser seleccionado.

2) **O PALE itinerario B** vai dirixido ao profesorado CLIL en inglés (de áreas, materias ou módulos non lingüísticos impartidos nunha lingua estranxeira, neste caso, en lingua inglesa) de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria, de Bacharelato e de Formación Profesional, que estean a participar nos proxectos de Seccións Bilingües. Estes colectivos poderán solicitar tamén a súa participación no itinerario A, numerando as súas preferencias:

- Primaria: 15 prazas
- Secundaria e F.P.: 30 prazas

### **Terceiro**

Requisitos de participación.- As persoas solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Con carácter xeral, ser funcionario/a de carreira nos corpos de primaria, secundaria e formación profesional.
2. Non estar destinado/a en comisión de servizos nin cunha licenza por estudos durante o período para o que solicita a actividade de formación.
3. Non ter sido seleccionado no programa PALE, nin ter abandonado este sen unha causa grave debidamente xustificada, nos cursos 2007-2008 e 2008-2009.
4. Para participar polas modalidades establecidas nos puntos a) e b) do PALE itinerario A, o profesorado debe ser especialista na lingua estranxeira referida nos devanditos puntos e debe estar impartindo esa especialidade.
5. Para participar pola modalidade establecida no punto c) do PALE itinerario A no apartado segundo da presente convocatoria, o profesorado debe ser CLIL ou estar na situación referida no devandito apartado.

### **Cuarto**

Criterios de selección

Os axustados ao anexo I da presente convocatoria.

### **Quinto**

Grupos, datas e lugares de celebración das actividades.-

#### **1) O PALE itinerario A**

- a) A parte de formación intensiva local terá lugar no segundo ou terceiro trimestre do curso 2009-2010. Os agrupamentos faranse atendendo na medida do posible a criterios xeográficos. Os agrupamentos non poderán estar constituídos por menos de 10 persoas.
- b) A parte de inmersión no país terá lugar no Reino Unido, Francia, Canadá ou Estados Unidos. Os grupos faranse tendo en conta idioma e nivel educativo. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contratará os servizos necesarios para levar a cabo estas actividades: a distribución de voos ao

estranxeiro será efectuada polas empresas adxudicatarias e o tipo de aloxamento será en familias ou residencias.

- c) A parte de elaboración de materiais terá lugar no primeiro trimestre do curso 2010-2011. Consistirá nunha actividade de carácter semi-presencial: a parte presencial consistirá nunha formación sobre ferramentas a utilizar no deseño de materiais de aula. Na parte non presencial, o profesorado, individualmente ou en pequenos grupos, deberá elaborar propostas de traballo de aula: unidades, proxectos, etc

2) **O PALE itinerario B**

A modalidade de integración escolar terá lugar en setembro ou outubro do presente ano 2010 en Canadá ou Estados Unidos, durante catro semanas. O profesorado será enviado de maneira individual a distintos centros educativos, nos que terá un/unha profesor/a do país de destino como “partner”, co/coa que colaborará na súa función docente. A empresa adxudicataria realizará a adxudicación de voos e o tipo de aloxamento será en familias.

**Sexto**

Solicitudes de participación e prazo de presentación.

1. As persoas interesadas en participar na presente convocatoria deberán cubrir a súa solicitude na web <http://www.edu.xunta.es/pale>, imprimila e achegala segundo o procedemento establecido no punto 3 do apartado sexto da presente convocatoria. O prazo de presentación de solicitudes remata o 27 de febreiro de 2010.

2. Xunto coa solicitude entregárase a seguinte documentación:

a) Certificado, expedido polo/a secretario/a do centro, co visto e prace do/a director/a, no que conste a área, materia ou módulo que imparte a persoa solicitante durante o curso académico 2009-2010.

b) Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se aleguen. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no baremo que se inclúe no anexo I da presente convocatoria. O cotexo dos documentos xustificativos de méritos e de calquera outro que o/a solicitante incorpore á súa instancia, poderá efectuarse nos mesmos centros de traballo dos/as solicitantes, asinada polo/a director/a do centro, sen prexuízo de que poida realizarse nos distintos órganos administrativos acreditados para tal fin.

c) Folla de autobarefacción segundo o modelo do anexo II onde conste unha relación numerada e asinada da documentación presentada, seguindo a orde que aparece no anexo I. Non serán tidos en conta nin valorados os méritos alegados e non xustificadas debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o punto 3 do apartado sexto da presente convocatoria.

d) Compromiso de participación no programa segundo o anexo III.

3. As solicitudes, xunto coa documentación complementaria necesaria, deberán presentarse a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> ata o 27 de febreiro de 2010, na oficina de rexistro único e información (edificio administrativo San Caetano s/n, en Santiago de Compostela), ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sendo imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se, no uso deste dereito, o expediente é remitido por correo, cómpre presentalo en sobre aberto para que sexa datado e selado polo/a funcionario/a de correos antes de que se proceda á súa certificación. As solicitudes irán dirixidas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, Programa PALE, ao enderezo San Caetano s/n 15781 de Santiago de Compostela. Unha vez transcorridos tres meses dende a data de publicación da resolución definitiva, os/as interesados/as ou os/as seus/súas representantes legais, poderán retirar a documentación ante o presidente da comisión.

### **Sétimo**

Comisión de selección.-

A selección será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.
- Vogais: ata un máximo de catro vogais, con categoría de xefe/a de servizo ou membros da Inspección Educativa.
- Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.
- A comisión poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas.

- A comisión poderá dispoñer da constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración dos méritos previstos no baremo do anexo I.

### **Oitavo**

1. A comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo a puntuación obtida segundo o baremo que figura como anexo I desta convocatoria.

2. No caso de empate entre os/as funcionarios/as este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 2 do baremo.

c) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

d) A continuación desempatará o número de rexistro persoal máis baixo.

3. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgún dos itinerarios, por proposta motivada pola comisión de selección, o Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre as outras modalidades.

3. Finalizada a preselección, a comisión fará pública a resolución provisoria, que será exposta no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Internet (<http://www.edu.xunta.es>), sección profesorado, apartado convocatorias, así como no portal de linguas estranxeiras (<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>). A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión da actividade ante o presidente da comisión. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as devanditas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen resolverá a relación final do profesorado seleccionado. A resolución final publicárase nos devanditos enderezos web. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. Unha vez resolta a presente convocatoria, só se admitirán renuncias á actividade en casos de excepcional gravidade e libremente



apreciados polo presidente da comisión. No caso de que o profesorado seleccionado renuncie á súa participación, inustificadamente ou fóra de prazo, ou abandone o programa unha vez iniciado, deberá reintegrar todos os gastos derivados desta actividade.

### **Noveno**

Certificación.-

#### **PALE ITINERARIO A**

Unha vez rematadas as tres fases, A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitirá tres certificados ás persoas participantes no programa: un certificado de 100 horas pola primeira parte do itinerario, un certificado de 75 horas pola formación no estranxeiro e un de 25 horas pola terceira parte. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá as certificacións de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais da última fase.

#### **PALE ITINERARIO B**

O profesorado participante por esta modalidade recibirá dous certificados pola participación no programa: 100 horas de formación permanente pola integración en centros estranxeiros e 25 horas pola fase de elaboración de materiais. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial. Só recibirá as certificacións de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais da última fase.

### **Décimo**

Condições económicas.-

1. A actividade será cofinanciada na súa totalidade pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e polo Ministerio de Educación en virtude do convenio de colaboración para tal fin, establecido ao abeiro do artigo 157 da Lei Orgánica 2/2006, de Educación, do 3 de maio.
2. No caso dos desprazamentos do profesorado para a asistencia á fase de formación inicial local, cada profesora ou profesor poderá recibir unha bolsa en función dos gastos xerados.



3. Para as actividades no estranxeiro, a Consellería encargárase, a través das empresas adxudicatarias do desprazamento ao país, a docencia, actividades culturais, manutención (pensión completa) e aloxamento. A Consellería determinará o medio de desprazamento ao país estranxeiro, así como o tipo de aloxamento e manutención, que será comunicado ao profesorado seleccionado unha vez adxudicadas as empresas.

### **Undécimo**

Orzamento.-

Esta actividade financiarase con cargo á partida orzamentaria 09.02.423B.640.2, dos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondentes ao ano 2010.

### INFORMACIÓN

<http://www.edu.xunta.es/pale>

<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>

(sección PROGRAMA PALE)

## ANEXO I

Méritos	Valoración	Máximo	Documentos xustificativos
1. Méritos docentes Por cada ano de servizo como funcionario/a de carreira. Para a súa xustificación presentar o título de funcionario/a de carreira.	0,5 punto por ano completo	3	Fotocopias cotexadas das certificacións acreditativas (no caso de xustificación de anos de docencia, deberase achegar o título de funcionario de carreira)
2. Actividades de formación permanente.			
2.1. Coordinación e/ou docencia de actividades de formación do profesorado, organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. * Para os titores e titoras de prácticas de mestres/as, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,25 por ano.	Ata 25 horas. ....0,05 De 26 a 50 horas...0,10 De 51 a 100 hora...0,15 Máis de 100 horas.. 0,20	2	
2.2. Asistencia a actividades de formación: cursos, grupos de traballo, seminarios permanentes e outras actividades relacionadas coa especialidade, organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.	Ata 25 horas. .... 0,05 De 26 a 50 horas... 0,10 De 51 a 100 hora... 0,15 Máis de 100 horas.. 0,20	2	
2.3. Participación en actividades relacionadas especificamente co fomento do plurilingüismo (actividades de formación sobre CLIL, sobre anticipación da primeira lingua estranxeira en educación infantil, e participación no programa CUALE, modalidade CUALE-PROF, ou no antigo plan de potenciación de idiomas) organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.	Ata 20 horas .... 0,20 De 21 a 50 horas .....0,50 De 51 a 100 horas..... 0,75 Máis de 100 horas..... 1	3	
2.4. Participación como docente nos: proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria; plans experimentais de seccións europeas, aulas bilingües e seccións bilingües; certificada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	0,75 por actividade	7,5	
2.5. Participación en intercambios ou estadias formativas, con alumnado, no estranxeiro. Participación no programa de Inmersión Lingüística con alumnado de 6º de Educación Primaria.	0,25 por actividade.	1	
2.6. Participación en cursos Comenius formación (antes 22C), Lingua B e Arión promovidos pola Comisión Europea ou na acción e-twinning.	0,20 por actividade	1	
3. Méritos académicos			
3.1. Polo grao de doutor/a Polo DEA ou suficiencia investigadora		1 0,5	1
3.2. Por cada titulación universitaria de primeiro ciclo distinta á especialidade do/a candidato/a . Por cada titulación universitaria de segundo ciclo distinta á da especialidade do/a candidato/a.	0,50 1	5	
3.3. Por titulacións de idiomas oficiais ou homologados pola Administración educativa.	Cada ciclo ..... 0,5 Cada certificación de nivel..... 0,5	5	
4. Publicacións de carácter científico, pedagóxico e didáctico.	Por libro.....ata 1 Por artigo ata..... 0,25 Por vídeo, casete, CD, disquete e outras similares ata..... 0,25	3	Exemplares orixinais correspondentes con ISBN ou ISSN.

## ANEXO II

MODELO DE FOLLA DE AUTOBAREMACIÓN (relacionar e numerar na mesma orde que aparece no anexo I. As fotocopias cotexadas presentaranse na mesma orde)

Apartado	Méritos alegados	Puntuación
1	Título de funcionario/a de carreira	
2 2.1. 2.2. 2.3. 2.4. 2.5. 2.6.	Actividades de formación permanente	
3 3.1. 3.2. 3.3.	Méritos académicos	
4.	Publicacións	

### ANEXO III

#### Compromiso de participación\* (1)

De ser seleccionado/a, eu, (nome e apelidos) ....., con NIF ....., mediante a presente sinatura, comprométome a cumprir todo o estipulado nas condicións de participación en todas as fases do programa PALE 2010.

En ....., ..... de ..... de 2010

Asdo:

\*(1) Non confundir este certificado de compromiso individual co certificado individual e do centro educativo que se deben presentar no caso de futuro profesorado CLIL que opta a participar no itinerario A segundo o apartado segundo , punto 1.c.